

*A revolución dos globos**

HENRIQUE PORTO

Neste libro latexa a vida, porque latexa o recordo, a patria da xente. Aínda que sexa tecida con fíos de ficción, nunca escapa o escritor da realidade. Alfonso forma parte da miña memoria, da miña realidade que co paso dos anos tamén semella ficción. Se ollamos atrás, cara ao pasado, parece que nada pasou; que só corría un día tras doutro. Pero a novela está aí nese país creado, tamén a vida real é construción diaria. É algo máis que paso dos días é construción de realidades que tecemos xuntos uns e outros. Os personaxes somos nós e os lugares son nosos ou, como no meu caso, emprestados. Os feitos van acontecendo con dialéctica e paixóns, e o desenlace cando a novela é boa non o queremos pronto.

Teño a graza de ser eu quen presente esta obra e ao seu autor. O meu compañeiro e amigo Alfonso Álvarez a quen sempre chamo Cáccamo. Eu que non son moi gracioso, tocoume presentar unha obra abondosamente graciosa e hilarante. Pero eu, persoa seria, non circunspecta, tamén me sitúo na novela. Pois a obra é seria no fondo. Estamos diante da narración dunha revolución. Algo moi serio. É sobre todo a narración dunha ilusión. As ilusións veñen xermolando dende a máis tenra infancia. Este é Alfonso e este o seu libro último.

Cheguei ao sur da Terra, desta nosa Gurzonia, no ano 76, recén finiquitado o ditador e a ditadura. Viña cheo de ilusións por traballar na educación a prol de cambiar pola vía da intelixencia a traxectoria escravista e alienada da nación a través da formación da base social, os nosos nenos/as. Atopei a Alfonso na mesma teima e concordamos moitas cousas e libramos moitas batallas. Procedía da Costa da Morte, terra brava do Norte. El estaba ancorado na mellor costa de Vigo, o barrio das Travesas. Estabamos adestrados en bos sitios de personaxes e aventuras. Alfonso tamén adoitaba mollar os pés no mar alá na casiña de Coruxo a carón da Praia. Alí pasamos algunhas tardes xogando a pensar. Coñecín a súa familia e decateime de que estaba entre artistas. Cada un buscaba o seu sino. Pero cada peza era obxecto dun motor da patria libre.

* Este texto foi lido por Henrique Porto na presentación de *A revolución dos globos* de Alfonso Álvarez Cáccamo que tivo lugar o 12 de marzo de 2009 na Aula de Cultura "Ponte de Rosas" en Gondomar.

Por outra banda hai alusións constantes á educación. Aquel noso obxectivo revolucionario. Moita trama vai sobre o tema educativo. Hai chiscadas de todo tipo. E sobre todo crítica. Quen nos dera educadores con conciencia cultural!, canto cateto/a aguantamos nesa andaina! Claro que Alfonso ten a capacidade de rirse de si mesmo a través da obra e sempre. Cando un é capaz de rirse de si mesmo está san. Aquel personaxe que dirixe o IMM, Milucho Herman é todo un paradigma educativo, por exemplo. E como non, a reflexión constante. Nas preguntas que se fai Culebrios sobre a guerra, a vida corrupta etc cando pensa que a nai, os “profes” indicaban ao neno un mundo de ben... que desacougo lembrando a Aguius a “profe” ou a Protanoico, o desacougo desa nosa cruz, levamos iso como podemos os da educación. E o autor déixao caer por aí. Crítica á educación constante, mais tamén afecto pola valía das xentes do ensino.

Crítica tamén e mofa sa á ciencia formal, antepoñendo o método novo daquel sistema educativo gurzoniano, o científico-crítico. Alusións mesmo a Goleman co autocontrol do personaxe, cando a morte do pai, con cachondeo da intelixencia emocional da psicoloxía americana. A verdade que non deixa títere con cabeza. O libro é moi completo a pesar da aparente trama sinxela ou biográfica desa infancia do protagonista no país de Gurzonía. Terapia a través do humor, cos poemas escatolóxicos de Culebrios ou o xogo cos substantivos coma Taras da Bulba, ou unha noite en Espermia ou a simpática salvación do periodista Sanscrito Albatruc por unha coma que nos lembra ao Woody Allen de *Colle o diñeiro e corre*, cando asalta o banco.

A novela ten unha debilidade que o autor non pode disimular, o cariño maternal marca moito ao protagonista, esa infancia que ten o libro sempre como patria presente Cantos de Elvira e de Esperanza será froito do poeta como el é o froito da nai, o poema da páx. 267 é unha metáfora de cómo saímos das entrañas da nai. Este libro sae das entrañas da nosa terra. Na miña cabeza xurdiu unha analoxía xerminial. A min dáme que o protagonista é feliz cando soluciona aqueles terribles problemas que atopa porque é un tipo raro, non sabe ser coma os demais nenos. A felicidade favorece a reflexión e dota de máis intelixencia, axudando aos problemas do mundo e da persoa. Ese é Culebrios. El coma todos os nenos está chamado a ser grande, a cumprir ideais altos. Aí está a nai, a fe no fillo, o futuro... aí estaban as nosas metas educativas. Tamén eramos tan distintos...

Pero o libro tamén é un elo na cadea literaria de fóra e de dentro do país. Supón unha vía de enlaces con autores e outras especies artísticas. Lembro a Blanco Amor cando fala da sonoridade das palabras, coma en proletario, ou recordo lendo os poemas escatolóxicos de Entelequio, a Carlos Oroza. Este animábanos un día, na época de Soto, a que fosemos ao Concello de Vigo un grupo a botar unha gran cagada na porta e dedicarlle a Soto. Cando falaba de rirse de si mesmo polo Cáccamo lembro a Suárez Canal, o de Allariz, facendo a mili comigo en Madrid; cada vez que saudabamos a un superior facíámolo con tanto empeño que nos escarallabamos de risa por dentro polo paripé a que nos víamos sometidos naquela indesexable comedia.

Mais tamén os mundos creados: a terra de Gurzonía non deixa de ser algo así coma ese mundo creado por Tolkien no *Señor dos aneis*, onde nos evadimos da terra querida e odiosa. Ou no *Tagen Ata* de Ferrín tan imaxinario pero tan próximo

á nosa realidade. Ou a creatividade máxica cunqueirán nos personaxes. Quen non coñecese a Alfonso, o debuxante de caricaturas imaxinarias, diría que bebe de Cunqueiro para crear fenómenos humanos. Pero aí está na cadea dos creativos. Hai moito do autor nesta novela cando busca ser normal no “incorrecto” ou do demo: as amigas bolleras, normal que aínda na sociedade resulta diabólico, os temas progresistas, a superación de tabús sociais, a relixión como alienación e bruxería correctamente establecida, que a moitos aínda sinala. Tantas outras normalidades como a do personaxe mullereiro no bo sentido que é Alexandre José Dahandra, tamén aí con ser amigo é moi seu. Pero en xeral o que busca o autor para os seus lectores é esa normalidade social sobre temas aínda incorrectos ou do demo, coa hilaridade como menciña necesaria

Asemade a literatura sempre é un compromiso para o autor, sempre o foi, é recorrente. A busca dun mundo en harmonía pero acugulado de esperanza, non tristeza, sobre a realidade que oprime. E, como non, o neno sempre que foi o Cáccamo, a inxenuidade do poeta, ese soñar de poeta presente. De feito é raro ver unha novela de Alfonso que non leve algún poema. No compromiso e a ilusión de cambiar a sociedade a través deses empeños que, coma a este presentador na educación, crea dúbidas a pesar do empeño, “dubido que os poemas poidan axudar a concienciar á xente”, agora tamén dubido eu da educación á que lle dedicamos trinta e tantos anos.

Como non. Eu tamén enlazo a taberna do Sepuche. Onde se coce a revolución, cara á fin da novela. A liberdade, a república que en España, en Galiza, non acadamos, pero a obra vai acadar de forma trágica contra o final, pode ser o Café de *Catro a catro*, pero tamén outro calquera de Santiago ou Madrid semellante. Eu quero ver o *Catro* porque alí pasamos moitas palabras de liberdade uns e outros, de tantos amigos e compañeiros.

A revolución dos globos, por que ese título?, pois porque os globos son a metáfora dun bonito punto final, que nos leva ao inicio infantil e pecha o círculo vital. Uns globos foron unha boa inventiva para usar por un neno soñador, o amigo Cáccamo que sempre o seguirá sendo, velaí o libro, para dar solución a esta bonita historia de liberdade e gozo da vida co broche da esperanza que coído que os que estamos aquí compartimos. Un libro de todos.

